

ACTA DO PROCESO SELECTIVO CELEBRADO PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS ADMINISTRATIVAS DO PROXECTO “AVALIACIÓN E MITIGACIÓN DA MORTALIDADE ACCIDENTAL DE AVES MARIÑAS EN ARTES DE PESCA NA DEMARCACIÓN NORATLÁNTICA – NORAVES” FINANCIADO POLA CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DA ECONOMÍA AZUL E O IMPULSO DA SUSTENTABILIDADE PESQUEIRA E ACUICOLA, NO MARCO DO PROGRAMA PLEAMAR NO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)

Con data 15 de xaneiro de 2025 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para participar no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de un/unha Auxiliar Administrativo, segundo as bases aprobadas en decembro de 2024 (convocatoria publicada no xornal Ideal Gallego).

Persoas Presentadas:

- 1.- Ana Fernández Rodríguez
- 2.- Antía Lorenzo Garrote

Admitidos/as:

- 1.- Ana Fernández Rodríguez
- 2.- Antía Lorenzo Garrote

Sendo as 10.30 horas do día 23 de xaneiro de 2025 constitúese no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, o Tribunal de Selección para designar a persoa que cubrirá con carácter indefinido 1 praza de Auxiliar Administrativo para o

Comparecen os seguintes membros da Comisión de Selección :

- Presidente : D. Carlos Vales Vázquez
- Vocal 1 : D. Rogelio Fernández Díaz
- Vocal 2 : D. Javier López Rivadulla
- Vocal 3: D. Manuel Ramón Lema Pombo
- Secretaria : Dna. Carmen Borobio Vázquez



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



Pleamar



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

Á hora sinalada da comezo a fase de concurso coa análise do curriculum presentado e posteriormente comeza a fase do oposición coa realización da entrevista persoal á aspirante e a defensa da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración dos curriculums son os seguintes :

a) Formación(ata un máximo de 5 puntos):

1. Por estar en posesión dalgún dos títulos esixidos na base 3.5 das bases: 2 puntos.
2. Por cada titulación superior á requirida para participar na presente convocatoria : 0,5 puntos.
3. Pola acreditación de asistencia a cursos de especialización relacionados co posto de traballo:
 - Formación de menos de 15 horas: 0,05 puntos cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de más de 15 e menos de 30 horas: 0,10 cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de más de 30 horas: 0,25 cada un ata un máximo de 1 punto.

b) Experiencia profesional (ata un máximo de 5 puntos):

1. Por exercicio profesional como Auxiliar Administrativo: 0,5 puntos por cada 3 meses ata un máximo de 3 puntos.
2. Por outros méritos desenvolvemento de actuacións vinculadas ao posto de traballo: ata un máximo de 2 puntos.

Fase de concurso: máximo 10 puntos.

Unha vez rematada a fase de concurso, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase concurso
Ana Fernández Rodríguez	3,5
Antía Lorenzo Garrote	6,5



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondos Europeos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

Posteriormente, comeza a fase de oposición no que se procede á entrevista profesional e á valoración da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración da entrevista e a memoria son:

A memoria e a entrevista serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos, dos que un máximo de 10 puntos poderán ser outorgados á memoria e 5 puntos á entrevista curricular.

Fase de oposición: máximo 15 puntos.

Unha vez rematada a fase de oposición, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase oposición
Ana Fernández Rodríguez	10
Antía Lorenzo Garrote	11

Finalmente, unha vez rematado o proceso selectivo, a puntuación obtida pola candidata é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación final
Ana Fernández Rodríguez	13,5
Antía Lorenzo Garrote	17,5

De acordo coa puntuación obtida, acórdase conceder a praza á seguinte aspirante:

Praza de Auxiliar Administrativo para o desenvolvemento das tarefas administrativas do proxecto “AVALIACIÓN E MITIGACIÓN DA MORTALIDADE ACCIDENTAL DE AVES MARIÑAS EN ARTES DE PESCA NA DEMARCACIÓN NORATLÁNTICA – NORAVES” financiado pola convocatoria de concesión de subvencións para o fomento da economía azul e o impulso da sustentabilidade pesqueira e acuícola, no marco do programa PLEAMAR do CEIDA

- Antía Lorenzo Garrote



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA

Ás 11.50 horas dáse por finalizado o acto do que eu, como secretaria do Tribunal de Selección dou fe, asinando a presente acta en proba de conformidade, tódolos membros da mesma, presentes en dito acto.

Asdo. D. Carlos Vázquez
Presidente do Tribunal

Asdo. D. Rogelio Fernández Díaz
Vogal 1 do Tribunal

Asdo. D. Javier López Rivadulla
Vogal 2 do Tribunal

Asdo. D. Manuel Ramón Lema Pombo
Vogal 3 do Tribunal

Asdo. Dna. Carmen Borobio Vázquez
Secretaria do Tribunal